

SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE BETANZOS, OZA- CESURAS E PADERNE

Datos de contacto do SAT da agrupación de concellos de Betanzos, Oza – Cesuras e Paderne

- Estrada de Santiago s/n (Centro Pai Menni), 15300 Betanzos
- E-mail: atenciontemprana@fundacionhospitalarias.org
- Teléfono: 689539922

Datos de contacto de Servizos Sociais

- Betanzos: 981 770 707
- Oza-Cesuras: 981 790 001/981 792 000
- Paderne: 981 797 001



Concello de Betanzos



Concello de
Oza-Cesuras



Concello de Paderne

SERVIZO DE ATENCIÓN TEMPERÁ



QUE É A ATENCIÓN TEMPERÁ?

A Atención Temperá enténdese como un conxunto de intervencións dirixidas á poboación infantil de 0 a 6 anos, á familia e a súa contorna para dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan os nenos e as nenas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos, para facilitar a súa autonomía persoal e a inclusión sociofamiliar.

A metodoloxía de traballo considera ao neno ou nena, como axente activo da súa evolución, ao igual que a súa familia; e a través do xogo e actividades vivenciais busca contribuír ao desenvolvemento e favorecer a autonomía, a participación social, o benestar persoal e a calidade de vida.

QUEN COMPÓN O SERVIZO?

O servizo dispón de profesionais con formación en desenvolvemento infantil e apoio familiar que cubre:

- Psicoloxía
- Terapia Ocupacional
- Logopedia

E como servizos complementarios:

- Traballo Social
- Fisioterapia

COMO SE ACCEDE?

- Cumprir os requisitos de idade.
- Figurar o/a menor empadroad/a nalgún dos tres concellos da agrupación na data de solicitude do servizo, xunto cun dos proxenitores ou titores legais.
- Realizar a solicitude de alta do servizo nalgún dos concellos da agrupación vía telemática ou presencial por parte do pai, nai ou representante legal de:
 - o Formulario de solicitude de acceso ao servizo
 - o Formulario de derivación de pediatría
 - o Documentación que acredite a filiación do/da menor.
 - o Formulario de Información avanzada de protección de datos

O Concello derivará as solicitudes ao SAT, e posteriormente este porase en contacto coa familia para concertar unha cita para iniciar o proceso de valoración e intervención coa crianza.